

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 3 DE ABRIL DE 2023

SEÑORES/A ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a tres de abril de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as

nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 24 de marzo de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 2 de marzo de 2023 (RE-E núm. 138), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	██████████

DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	FRANCISCO JAVIER RAMOS DÍAZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	REDE DE BAIXA TENSIÓN SUBTERRÁNEA
LUGAR	GUILLAR
PARROQUIA	GUILLAR
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
REFª CATASTRAL PARCELA	36047A024060460001AO
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Documento técnico redactado pola enxeñeira técnica industrial Dona Herminia López Caamaño, en data 20/01/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	705,71 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	DOCE (12) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 27/03/23)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 13/03/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CATORCE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (14,11 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento

que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- RESOLUCIÓN DE DESESTIMENTO E ARQUIVO DE EXPEDIENTE A SOLICITUDE DA INTERESADA

— Gateira S.C.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Consta na documentación existente na Secretaría deste Concello o seguinte expediente (██████████) iniciado a instancia de parte:

- Solicitud de licenza urbanística para INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA DE AUTOCONSUMO E INSTALACIÓN EÓLICA, no lugar de Couso, parroquia de San Martiño de Asperelo, instada por Energía, Innovación y Desarrollo Fotovoltaico S.L., na representación da sociedade GATEIRA S.C., con data 12 de xuño de 2020 (RE-E núm. 180), de conformidade co proxecto técnico redactado polo enxeñeiro de minas Don David Rodríguez Besada.

Segundo.- Consta, asemade, o correspondente escrito de desestimento presentado por Dona Sandra Dabouza Rodríguez, na representación da sociedade, con data 28 de marzo de 2023 (RE núm. 542).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAP)

dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Segundo.- O artigo 21.1 da citada Lei establece que a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, coa indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ter por desistida a GATEIRA S.C. do expediente incoado a súa instancia e que se sinala nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Ordenar o arquivo do citado expediente, sen máis trámite.

4.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de “MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (O AZ)”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García Mayo, con data marzo de 2023, cun importe global de CENTO OITO MIL SETECENTOS VINTE EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (108.720,56 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	101.076,14 €
✓ Honorarios de proxecto:	3.397,52 €
✓ Honorarios dirección de obra:	3.397,52 €
✓ Honorarios coordinación de seguridade e saúde:	849,38 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 29/03/23, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes,

acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

5.- ACORDO SOBRE A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024, APROBADO POR AGADER

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Resolución do 28 de febreiro de 2023 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para a concesión das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva (DOG núm. 44, do 03/03/23). Segundo os criterios de distribución do Plan correspóndelle a este Concello a cantidade de 83.534,00 € en dúas anualidades (28.997,00 € no 2023 e 54.537,00 € no 2024). En dita cantidade non está incluída o importe do IVE.

Infórmase, asemade, que as actuacións que se poden incluír no plan consisten na ampliación, mellora e mantemento de camiños que formen parte da rede viaria de acceso a unha ou a varias entidades de poboación. Nese obxectivo, contéplase a inclusión no mesmo dunha única actuación a desenvolver nun camiño rural do lugar de Vistuíde, parroquia de San Cristovo do Az.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a participación do Concello no Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, coa actuación denominada “*Mellora de camiño rural en Vistuíde (O Az)*”.

Segundo.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e calquera outra documentación que resulte necesaria para a efectividade do acordado.

6.- MODIFICACIÓN PARCIAL DO ACORDO ADOPTADO RELATIVO AO INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL – FASE IV”

A proposta da Sra. concelleira-delegada de Urbanismo, Economía e Servizos Sociais, e en aras a acadar unha maior axilidade no procedemento de licitación e contratación do investimento, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda modificar parcialmente o acordo adoptado por este órgano na sesión celebrada o día 24 de marzo do corrente, substituíndo integramente o apartado segundo da parte dispositiva do acordo, pola seguinte redacción:

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), con varios criterios de adxudicación.

7.- MODIFICACIÓN PARCIAL DO ACORDO ADOPTADO RELATIVO Á SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS

Infórmase aos membros da Xunta de Goberno Local que, con posterioridade ao acordo adoptado por este órgano na sesión celebrada o día 24 de marzo do corrente, publicouse no Diario Oficial de Galicia a aprobación dunhas novas táboas salariais do Convenio de aplicación para os anos 2023, 2024 e 2025. En consecuencia, procede a modificación parcial do acordo inicialmente adoptado para adaptalo ás determinacións salariais expostas.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade modificar parcialmente dito acordo, substituíndo integramente o apartado cuarto da súa parte dispositiva, pola seguinte redacción:

Cuarto.- Para as retribucións dos/as traballadores/as a contratar ao abeiro da presente orde será de aplicación o seguinte convenio colectivo: IV Convenio colectivo de instalacións deportivas e ximnasia de Galicia (DOG núm. 134, do 07/07/20), coa actualización das táboas salariais publicadas no DOG núm. 63, do 30/03/23.

8.- RECOÑECEMENTO DA SITUACIÓN DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA DE TRABALLADORA LABORAL INDEFINIDA

ANTECEDENTES

1º.- Dona Rosa Castro Rey, con DNI núm. [REDACTED], veciña de Lalín, ostenta a condición de traballadora laboral indefinida deste Concello no posto de traballo de auxiliar do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF).

2º.- Dita traballadora solicitou con data 30 de marzo do corrente (RE núm. 553) que se lle recoñeza a posibilidade de situarse en situación de excedencia voluntaria por un período de seis (6) meses, con efectos do día 15 de abril de 2023.

3º.- Consta acreditado no seu expediente persoal que a traballadora ten unha antigüidade no Concello superior a un ano.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 46.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores establece textualmente: *“O traballador con ao menos unha antigüidade na empresa dun ano ten dereito a que se lle recoñeza a posibilidade de situarse en excedencia voluntaria por un prazo non menor a catro meses e non maior a cinco anos”*.

Segundo.- A solicitante cumpre cos requisitos de antigüidade, o prazo solicitado está dentro dos límites legais e non ten concedida ningunha outra excedencia voluntaria anterior.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Recoñecer á traballadora laboral indefinida Dona Rosa Castro Rey o seu dereito ao goce do período de excedencia voluntaria solicitado.

Segundo.- A excedencia terá unha duración de seis (6) meses e producirá efectos dende o día 15 de abril de 2023.

Terceiro.- Durante o período de excedencia a traballadora non percibirá retribución algunha, nin a empresa cotizará por ela á Seguridade Social. Asemade, o tempo transcorrido nesa situación non será computable a efectos de antigüidade.

Cuarto.- A traballadora en excedencia non terá dereito á reserva do seu posto de traballo. Porén, conserva un dereito preferente ao reingreso, unha vez transcorrido o período autorizado, nas vacantes de igual ou similar categoría á súa que houbera ou se produciran no Concello.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo á traballadora concernida, así como á Tesourería Xeral da Seguridade Social, aos efectos oportunos.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 993,71 €
Por subministro de material informático para o Concello, s/factura núm. 23039.
- FARO DE VIGO S.A.U. 419,95 €
Por subscrición anual ao diario, s/factura núm. @2023/0000040 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 448,06 €
Por seguro de vehículo municipal, s/factura núm. 75202319900020003110 (FACe).
- RODOIL S.L. 73,65 €
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de febreiro de 2023, s/factura núm. 2023/23000054 (FACe).

- ANTONIO TABOADA FERNÁNDEZ 1.676,94 €
Por traballos de reparación do rego do campo de fútbol da Raña, s/factura núm. 2023/30.
- CANGADO S.L. 559,99 € E 314,50 €
Por subministro de diverso material para obras municipais, s/facturas núm. R1/000024 e R1/000067.
- RODOIL S.L. 87,53 €, 237,13 €, 33,58 €, 30,23 €, 465,89 € E 87,36 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de febreiro de 2023, s/facturas núm. 2023/23000055, 2023/23000056, 2023/23000058, 2023/23000059, 2023/23000060 e 2023/23000061 (FACe).
- RODOIL S.L. 6,00 €
Por lavado do camión de recollida do lixo no mes de febreiro de 2023, s/factura núm. 2023/23000057 (FACe).
- PIRATE DE VIAJE S.L. 4.455,00 €
Por organización de excursión para a terceira idade, s/factura núm. 000098/23.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)